Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 9 de agosto de 2018, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

"PUNTO TERCEIRO.- TERCEIRA CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DAS OBRAS CAMIÑO PRINCIPAL EN SANDAR (AGRÓN). POS COMPLEMENTARIO 2017.

En Xunta de Goberno Local de 24 de maio de 2018 acordouse a clasificación de ofertas e requirimento de documentación para á adxudicación, á empresa clasificada en primeiro lugar no expediente de licitación de Obras Camiño Principal en Sandar (Agrón).

A empresa clasificada en primeiro lugar, Construcciones Cernadas Valiña SL foi notificada pero a mesma non presentou a documentación que lle foi requirida e que resulta necesaria para poder proceder á adxudicación.

A Xunta de Goberno Local de 5 de xullo de 2018 acorda a exclusión do expediente de licitación de Construcciones Cernadas Valiña SL e realiza unha nova clasificación e requirimento de documentación para á adxudicación á empresa clasificada en seguinte lugar, que resulta ser Escavaciones Y Obras Melchor SL.

Realizada a oportuna notificación, por Excavaciones y obras Melchor SL, con data 30/07/2018 presentase un escrito no que en síntese manifesta que *"tras a apertura de plicas e a proposición de adxudicación ao favor de Excavaciones y Obras Melchor SL, realizamos un novo estudo da obra, encontrando graves fallos no cálculo da oferta presentada. Ante esta situación resúltanos imposible seguir co procedemento de adxudicación, xa que se Excavaciones e Obras Melchor SL asinase o contrato da obra con concello de Ames, esta obra que estamos tratando podería non realizarse con todas as garantías dos materiais e a seguridade de executar un traballo satisfactorio para ambas partes".*

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Excluír do procedemento de licitación á empresa Excavaciones y obras Melchor SL por non presentar a documentación requirida para a adxudicación das obras de camiño principal en Sandar (Agrón).

Segundo.- Clasificar, por terceira vez, por orden decrecente de puntuación ás empresas participantes no procedemento de licitación do seguinte xeito:

	Empresa	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTOS
12	SYR-AMG SLU	44.036,62	40,41
17	GR CONSTRUCCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS SLU	44.298,27	39,97
19	HERMANOS COUTO FANDIÑO SL	44.385,62	39,82
20	EXCAVACIONES JOSÉ VARELA IGLESIAS SL	44.721,12	39,24
21	EXCAVACIONES OVIDIO SL	45.056,60	38,67
3	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL	45.620,23	37,71
13	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL	45.980,00	37,09
10	CONSTRUCCCIONES PONCIANO NIETO SL	47.780,79	34,01
9	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL	48.243,78	33,22
8	SONDEOS PORZUNA SL	48.384,69	32,98

C.I.F.: P – 1500200 – I

CVD: PYtl9Ap6ORlvhbUKqoZt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2	EXCAVACIONES POSE SL	48.400,00	32,95
14	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL (OVIGA SL)	48.420,00	32,92
18	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU	49.001,99	31,93
5	CONSTRUCCIONES CERNADAS SL	49.102,64	31,75
16	OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL	51.316,89	27,97
11	CONSTRUCCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	51.872,70	27,02
1	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	52.068,39	26,68
6	NEMESIO ORDÓÑEZ SA	58.858,76	15,08
22	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCCIONES DE AROSA SL (MARCONSA SL)	60.505,47	12,27

Terceiro.- Declarar que as características esenciais da referida contratación para o licitador agora clasificado en primeiro lugar ,**SYR AMG, SLU,** con CIF B-15938780 son as seguintes:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de trinta e seis mil trescentos dezaseis euros e trinta e catro céntimos **(36.393,90.- Euros),** sen IVE

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de sete mil seiscentos vinte e seis euros e corenta e tres céntimos **(7.642,72.- €).**

C. Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de **6 meses**, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Cuarto.- Notificar o presente acordo aos licitadores.

Quinto.- No prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo, o licitador clasificado en primeiro lugar deberá presentar a seguinte documentación imprescindible para, de ser o caso, proceder á correspondente adxudicación:

Certificación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social.

Documento acreditativo de ter constituída (en calquera das formas establecidas nos artigos 96 e 98 do TRLCSP, nas condicións previstas no artigo 97 do mesmo texto legal) unha **garantía definitiva por un importe de 1.819,70 €** segundo se especifica nos pregos que rexeron para a licitación correspondentes ao 5% do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

Documento xustificativo, de ser caso, do reembolso ao concello do importe dos anuncios de licitación de acordo co estipulado no artigo 75 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público.

Xustificación de dispoñer efectivamente dos medios materiais e persoais que se houbera comprometido á adscribir ou adicar á execución do contrato, no sobre A.

Deberá tamén presentar a seguinte documentación:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas:

- escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente rexistro oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias:

A capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de

CVD: PYtl9Ap6ORlvhbUKqoZt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.-4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega)

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou dun certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (disposición adicional 14 TRLCSP).

A-5) Empresas non comunitarias:

1. -Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. -Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante un informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que, de modo directo ou indirecto, puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e da TRLCSP)

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no rexistro mercantil (artigo 55.2 TRLCSP).

C) Poderes

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse dun poder notarial para representar á persoa ou á entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil

D) Bastanteo de poderes

Os poderes a que se refire a letra C) da presente cláusula deberán bastantearse previamente polo secretario/a da corporación ou por un funcionario/a habilitado/a.

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades

Declaración responsable de que a empresa interesada non se acha incursa en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146.1.c e 60 da TRLCSP, axustado ao modelo que se transcribe a continuación.

A declaración incluirá a manifestación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e o feito de non ter débedas en período executivo co Concello de Ames, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito debe de presentarse antes da adxudicación polo empresario a cuxo favor se vaia efectuar esta, axúntase modelo

"D/Dª..... con DNI..... e domicilio en..... actuando en nome e representación da empresa..... con domicilio en..... e CIF..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato denominado "....." (ou actuando en nome propio).

DECLARA

Que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa Administración establecidas no art. 60 e 146.1.c) da TRLCSP.

Así mesmo declara que se acha ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter débedas en período executivo co Concello de Ames.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)"

F) Acreditación da clasificación

CVD: PYtl9Ap6ORlvhbUKqoZt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento de clasificación empresarial non se esixe. Pero a clasificación a efectos de solvencia é G.6.1.

G) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica

Dado que non resulta esixible a clasificación do contratista para a execución da obra, os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica ou profesional por algunha das seguintes formas:

Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo e subgrupo e categoría que se indica no Anexo I: G.6.1.

No caso de que a empresa non estea clasificada deberá acreditar a solvencia da seguinte forma:

Solvencia económica e financeira:

Mediante a xustificación do volume anual de negocios. O volume anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro; en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil, acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizadas polo Rexistro Mercantil.

Solvencia técnica ou profesional:

Mediante a relación das obras do mesmo tipo ou natureza, executadas no curso dos 10 últimos anos, acompañadas de certificados de boa execución.

Apreciación da solvencia:

Solvencia económica e financeira: considerase que o licitador xustificou a súa solvencia económica e financeira, se o volume anual de negocios do licitador referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, polo menos, unha vez e media o valor estimado do contrato, cando a súa duración non sexa superior a 1 ano, e , polo menos, unha vez e media o valor anual medio do contrato, se a súa duración é superior a 1 ano.

Solvencia técnica e profesional: considerarase que o licitador acreditou a súa solvencia técnica cando o importe anual acumulado no ano de maior execución, xustificado polos certificados de boa execución, sexa igual ou superior ó 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media, se esta é inferior ó valor estimado do contrato.

O valor estimado para os efectos de cálculo de solvencia é o que se indica no epígrafe 4 do cadro de características: 66.537,90 euros.

H) Unións temporais de empresas

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 da TRLCSP e cláusula 8 do presente prego.

I) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do estado ou das comunidades autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña: os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritos, acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos á que se refire o artigo 328 do TRLCSP; nese caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen perxuizo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios, co fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

Non obstante, aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou a simple referencia ó numero de inscrición no rexistro e, en consecuencia, as empresas que figuren inscritas no rexistro de contratistas da Deputación Provincial da Coruña (ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP nº 64 do 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referenciados nos apartados dos puntos A,B,C,D,E,F, sempre que os citados documentos estean vixentes.

Sexto.- *Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado."*

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a vinte e dez de agosto de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde

CVD: PYtl9Ap6ORlvhbUKqoZt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.